

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A FUNDACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR PARA O INTERCAMBIO DE COÑECEMENTO, A INNOVACIÓN, A INVESTIGACIÓN E A DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e a Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS) formalizaron o día 18.07.2023 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia de 4 anos contados a partir da data da súa sinatura, o cal é susceptible de ser prorrogado consonte co disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Sanidade e a FBGS para poder promover actividades no desenvolvemento do coñecemento e as capacidades necesarias para o desempeño profesional no eido da saúde pública, que poidan materializarse en proxectos e/ou actividades relacionados coa docencia, investigación e consultoría, así como calquera área que consideren de interese mutuo, sempre acordes ao respectivo obxecto social e finalidades institucionais. O convenio marco formalizado prevé a estes efectos que as partes podan asinar convenios específicos en áreas preferentes de colaboración que consideren de interese nos ámbitos indicados anteriormente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A FBGS é unha entidade sen ánimo de lucro clasificada de interese sanitario e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2002 e baixo o protectorado da mesma, que ten afectado de forma duradeira o seu patrimonio ao desenvolvemento dos fins fundacionais definidos nos seus Estatutos, dirixidos á promoción e xestión das actividades de investigación, desenvolvemento e innovación que se desenvolven nas áreas sanitarias de Vigo, de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras e de Pontevedra e O Salnés, e contribuír á protección da saúde da poboación e ao progreso e mellora do Servizo Galego de Saúde.

A FBGS ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que podan contribuír á consecución do

obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego.

Con este propósito e consonte ao establecido nos seus estatutos, a FBGS debe servir de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores dos centros do Sistema Sanitario Público de Galicia e do Instituto de Investigación Biomédica de Vigo, contribuír eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, solicitando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, e realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia.

Entre os fins que rexen a súa actuación atópanse, entre outros, os de fomentar a cooperación da sociedade galega coas institucións sanitarias públicas, na consecución dos obxectivos fundacionais; propoñer e levar a cabo accións de promoción e dinamización da investigación; e os de difundir os resultados das actividades investigadoras e facilitar o coñecemento dos avances científicos e tecnolóxicos, fomentando así a súa aplicación.

A Consellería de Sanidade pola súa banda, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, prevé tamén fomentar a investigación en saúde pública, creando unha rede de investigación en saúde pública que favoreza a xeración e transferencia de coñecementos, preste apoio aos profesionais, promova o traballo en equipo e cree alianzas entre os diferentes organismos implicados na saúde; promover colaboracións coas universidades e con outras escolas ou entidades de formación e/ou investigación; fomentar a colaboración coas diferentes administracións, institucións, organismos, sociedades científicas ou empresas en relación coa formación e investigación en saúde pública, con base nos correspondentes acordos ou convenios de colaboración que se establezan; e crear un espazo de transferencia do coñecemento en materia de saúde pública de xeito que se facilite o establecemento de redes de aprendizaxe e investigación áxiles e flexibles.

Así pois, as razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

